



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E DOUS DE AGOSTO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria accidental: D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e dous de agosto de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (12/07/2023).

Dáse conta da acta da sesión constitutiva celebrada o día doce de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

Así mesmo apróbase por unanimidade a acta da sesión extraordinaria celebrada ese mesmo día.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2022/U026/000068)

Dáse conta do citado expediente municipal tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de 3 postes en vía pública. Ref. 8370046 – 3652252, en Albela de Arriba - Ribadulla (Santa Cruz), nos termos da documentación técnica achegada de data 21/07/2022 e número de proxecto 8370046. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.2.- Comunicación de obra de dona María Torres Moure. (Expediente número 2023/U026/000014)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Torres Moure para colocación de postes de formigón con malla de arame de 1,80 m. de altura e unha lonxitude de 122 metros, a unha distancia mínima de 6 metros do eixe da vía.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de data 06/06/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50700574, emprazada en Canicoba – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal R-3, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación de obra de dona Lucía Silvosó Albela. (Expediente número 2023/U026/000035)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Lucía Silvosó Albela para construción de peche perimetral de parcela, con postes e malla de arame sen superar 1,80 metros de altura, cunha lonxitude de 285 metros, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

Dáse conta das autorizacións outorgadas pola Deputación Provincial de A Coruña no expediente 2023000012079 e pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia de data 13/07/2023.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50600591, emprazada en Sarandón – San Miguel de Sarandón, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección forestal R-3 e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ao contido das autorizacións sectoriais achegadas.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e seis euros (#76,00#).

2.4.- Comunicación de obra de don José Nieves Ferreiro. (Expediente número 2023/U026/000040)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Nieves Ferreiro para rehabilitación de vivenda consistente en renovar a tella rota da cuberta, illar a cheminea e colocar chapas no lateral.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001600600NH44A, emprazada en Quintáns, 16 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e un euros con noventa e seis céntimos (#121,96#).

2.5.- Comunicación de obra de don José Miguel López Moure. (Expediente número 2023/U026/000041)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Miguel López Moure para construción de muro de peche de formigón de 14 metros de largo e de 1,20 m. de altura, recuando 5 metros do eixe da vía e recheo con terra ata a vía municipal; pavimentación de acceso á vivenda de 1 metro de ancho por 15 de largo.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50701559, emprazada en Angustín, 5 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.6.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2023/U026/000042)

Dáse conta do expediente municipal tramitado a instancias de dona María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de fibra de tipo 8 FVA en vía pública. Ref. 81. 496323 - 380114 en Outeiro - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 23/06/2023 e número de proxecto 8496323. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

1º.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de Enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do R. D. 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

2º.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.7.- Comunicación de obra de don Mario García López. (Expediente número 2023/U026/000043)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por don Mario García López para rehabilitación de vivenda consistente en substitución da tella na vivenda e edificación auxiliar. As actuacións xa foran comunicadas nos expedientes 2019/U026/000007 - 2021/U026/000062 pero non se executaron no prazo sinalado, polo que solicita a compensación do ICIO ingresado ao tratarse das mesmas actuacións.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001900700NH43C, emprazada en Cubelas, 11- Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobación a compensación do ICIO correspondente por terse aboado no expediente 2019/U026/000007.

2.8.- Comunicación de obra de don Manuel Sanín de la Torre. (Expediente número 2023/U026/000045)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Sanín de la Torre para peche de parcela polo estremo sur, de 89 metros de longo, con base de bloque que non superará os 1,50 m. de alto e arame ata un máximo de 1,80 m. recuarase 5 m. do eixe da vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001700700NH44A, emprazada en Nande, 11 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

2º.- Aprobación a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e nove euros con noventa e nove céntimos (#79,99#).

2.9.- Instancia num. 202300000001049 de don Manuel Blanco Enjamio. (Expediente prórroga número: 2023/U003/000007)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13/09/2017 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Viñogrande, 33 – Illobre (San Andrés) (Expediente número 2017/U022/000023) e na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 25/08/2020 concedéuselle unha prórroga da licenza e dado que por diversos motivos non puido rematalas solicita a concesión dunha segunda prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, tendo en conta que as obras están rematadas exteriormente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.10.- Instancia núm. 202300000001005 de don Javier Amboage Reimondez. (Expediente prórroga número: 2023/U003/000006)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 03/08/2019 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda en Castro, 4 – Ponte Ulla (Expediente número 2017/U022/000019), con data do 22/09/2020 concedéuselle prórroga da mencionada licenza e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha segunda prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

3º.- Aprobación prezos públicos.

3.1.- Aprobación do prezo público das actividades Terceira Idade para o curso 2023/2024.

Visto que o Concello de Vedra organiza un novo curso de actividades dirixido ao colectivo de persoas maiores para o curso 2023/2024 e considerando a documentación que obra no expediente 2023/D001/000004, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o prezo público das actividades Terceira Idade para o curso 2023/2024 que se achega como Anexo I.

2º.- Proceder á súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica.

3.2.- Aprobación prezo público para a actividade de inglés curso 2023-24.

Visto que o Concello de Vedra organiza un novo curso de actividades culturais en idade escolar e para persoas adultas para o curso 2023/2024, e considerando a documentación que obra no expediente 2023/D001/000005, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o prezo público das clases de inglés en idade escolar e para persoas adultas para o curso 2023/2024 que se achega como Anexo II.

2º.- Proceder a súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xullo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
478	04/07/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2023.17 por importe de 45.350,59 euros
479	04/07/2023	Pos + Adicional 2/2023 (1ª fase): Confirmación da obra de Colectores de saneamento en Fontao, incluída no POS + 2023 Complementario
480	04/07/2023	Expediente limpeza de finca en Matelo –San Xián de Sales
481	07/07/2023	Pago bonos alimentos a supermercado (XXIII)
482	04/07/2023	Expediente limpeza de finca en Socastro –San Mamede de Ribadulla (antigo círculo mercantil)
483	04/07/2023	Expediente limpeza de finca en Xián- San Pedro de Sarandón
484	04/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



485	04/07/2023	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, de JSL
486	04/07/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
487	04/07/2023	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, de YSL
488	04/07/2023	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, de DRB
489	05/07/2023	Adxudicación a APM de praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán.
490	06/07/2023	Adxudicación a ALR de praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán.
491	06/07/2023	Delegación na concelleira dona Susana García Lema para celebración de matrimonio civil
492	06/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
493	07/07/2023	Aprobación listaxe cobradora, mediante domiciliación bancaria, do Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, dos meses de xullo e agosto de 2023
494	10/07/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
495	10/07/2023	Rendición Conta Xeral do exercicio 2022
496	10/07/2023	Expediente por incumprimento da lei de incendios (Socastro-San Mamede)
497	10/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
498	10/07/2023	Aprobación concesión de subvención directa ao CPI de Vedra e orde de pagamento para a realización dunha viaxe cultural de alumnado de 4º da ESO a Londres
499	10/07/2023	Aprobación Plan de Seguridade e Saúde da obra de Saneamento en Bazar (POS +2023) , presentado pola empresa adxudicataria da obra, Construcciones Caldevergazo, S.L (Exp. 2023/C003/000002)
500	10/07/2023	Aprobación concesión de subvención directa ao CPI de Vedra e orde de pagamento para a realización dunha viaxe cultural de 6º de primaria a Madrid, do 09-12 de maio
501	10/07/2023	Arquivo de expediente de xestión de biomasa (lei de incendios) por cumprirse o requirido
502	11/07/2023	Inicio expediente de contratación, procedemento contrato menor, de Parque Infantil no CPI de Vedra (Exp. 2023/C002/000027), cofinanciado por Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (Orde do 29/12/2022)
503	11/07/2023	Aprobación listaxe cobradora, mediante domiciliación bancaria, da EIM (concepto comedor e material) correspondente á mensualidade de xuño
504	11/07/2023	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional No Medio Rural (formación) : uve de Voluntariado; uve de Vedra; uve de Valores; uve de Valía , cofinanciado pola Consellería de Política Social e Xuventude (Proxecto piloto Talento Interxeracional no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NexGenerationEU para os anos 2022 e 2023),
505	12/07/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club Deportivo San Mamede, prevista no orzamento do exercicio 2023
506	12/07/2023	Aprobación listaxe cobradora, mediante domiciliación bancaria,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		do SAF (modalidade dependencia) correspondente á mensualidade de xuño e regularización mes de abril
507	12/07/2023	Aprobación listaxe cobradora, mediante domiciliación bancaria, do SAF (modalidade libre concorrência) correspondente á mensualidade de xuño
508	13/07/2023	Declarando a Carmen A. Sabio Sanz como persoal laboral fixo, educadora familiar, (Lei 20/2021. Estabilización do emprego temporal)
509	13/07/2023	Declarando a Vanessa cresco Souto como persoal laboral fixo, axente de emprego e desenvolvemento local (Lei 20/2021. Estabilización do emprego temporal)
510	13/07/2023	Declarando a Clara Lema Rodríguez como persoal laboral fixo, arquitecta técnica (Lei 20/2021. Estabilización do emprego temporal)
511	14/07/2023	Aprobación listaxe cobradora, mediante domiciliación bancaria, do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de xullo
512	14/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
513	17/07/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias na relación de facturas F.2023.18 por importe de 78.941,09 euros
514	17/07/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias na relación de facturas F.2023.17 por importe de 45.350,59 euros
515	17/07/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
516	17/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
517	17/07/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
518	18/07/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.20 por importe de 4.885,99 euros
519	19/07/2023	Adxudicación a DALA de praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán.
520	19/07/2023	Ampliación asistencia no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, a ZRG.
521	19/07/2023	Expediente por incumprimento da lei de incendios (varias parcelas)
522	19/07/2023	Expediente por incumprimento da lei de incendios (Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla)
523	19/07/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación sociocultural e deportiva Ribadoulla prevista no orzamento do exercicio 2023
524	20/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
525	20/07/2023	Aprobación listaxe provisional persoas admitidos/excluídas programa Conxuga (ludoteca e madrugadores), curso 23/24
526	21/07/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2023.21 por importe de 183.561,85 euros
527	21/07/2023	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 2º trimestre de 2023
528	21/07/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
529	21/07/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a U.D. Val do Ulla prevista no orzamento do exercicio 2023



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



530	21/07/2023	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela prevista no orzamento do exercicio 2023
531	21/07/2023	Concesión licenza para a posesión de animal de raza perigosa (licenza 486/2013)
532	21/07/2023	Aprobación indemnizacións por asistencias a concelleiros/as correspondentes ao 2º trimestre de 2023
533	21/07/2023	Baixa na EIM, curso 22/23 de SAS
534	21/07/2023	Baixa na EIM, curso 22/23 de AVC
535	24/07/2023	Baixa na EIM , curso 22/23, de LIV e cobro de mensualidade de xuño
536	24/07/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a YRB
537	24/07/2023	Orde de pagamento de axuda de emerxencia social concedida a LGC tras presentación documentación xustificativa
538	24/07/2023	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a RRFV
539	26/07/2023	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de xullo
540	26/07/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de JNS
541	27/07/2023	Ampliación asistencia no Programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán, a KFN.
542	27/07/2023	Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas no Programa Conxuga (ludoteca e madrugadores), curso 23/24
543	27/07/2023	Pago bonos alimentos a supermercados (XXIV)
544	31/07/2023	Ampliación asistencia programa Conxuga verán 2023 a ABS
545	31/07/2023	Adxudicación Programa de Voluntariado Interxeracional No Medio Rural (Creación, establecemento e desenvolvemento de modelos efectivos e viables): uve de Voluntariado; uve de Vedra; uve de Valores; uve de Valía , cofinanciado pola Consellería de Política Social e Xuventude (Proxecto piloto Talento Interxeracional no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NexGenerationEU para os anos 2022 e 2023).
546	31/07/2023	Ampliación asistencia programa Conxuga verán 2023 a CBS
547	31/07/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a MLP
548	31/07/2023	Traslado información para tramitación bono concilia familia 2023 dos menores MHA e LHA.
549	31/07/2023	Nomeamento da funcionaria Mercedes Pereiras Caldelas como secretaria/interventora –tesoureira accidental do 01-31 de agosto, por vacacións do titular
550	31/07/2023	Declarando deserta a licitación do Parque Infantil do CPI de Vedra, por falta de propostas admisibles e envío de novas invitacións
551	31/07/2023	Traslado información para tramitación bono concilia familia 2023 dos menores MDN e MDN
552	31/07/2023	Aprobación das dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 2º trimestre de 2023
553	31/07/2023	Traslado información para tramitación bono concilia familia 2023 do menor ADM
554	31/07/2023	Traslado información para tramitación bono concilia familia 2023 dos menores MCV e MCV
555	31/07/2023	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		á Muller (CIM) correspondente ao 2º trimestre de 2023
--	--	---

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.



ANEXO I

PREZO PÚBLICO PARA AS ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE CURSO 2023/2024

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades da Terceira Idade nas seguintes modalidades:

- Actividades anuais (de outubro a xuño): comprende as actividades de ximnasia de maiores, obradoiro de traballo corporal, obradoiro de memoria e canto de coral.
- Actividades trimestrais: comprende as actividades de bailoterapia e hipopresivos.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos as persoas que se beneficien do servizo e actividades referidas no artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada actividade é:

Actividades anuais	20 € en concepto de matrícula
Actividades trimestrais	20 €/trimestre por cada actividade

Artigo 4. Normas de xestión.

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade e efectuarase mediante o seu ingreso na tesouraría municipal.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá no suposto de que por causas imputables ao concello, non se teña realizado a actividade.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria



PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE INGLÉS CURSO 2023/2024

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás clases formativas de inglés nas seguintes modalidades:

- Escola de Inglés: para nados e nadas entre o 2007 e o 2020.
- Clases de Inglés para persoas adultas: para nados e nadas antes do 2007.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

- Escola de Inglés: os pais, nais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos da “Escola de Inglés” referida no artigo anterior.
- Clases de Inglés para persoas adultas: as persoas beneficiarias do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” ou os pais, as nais, titores ou responsables de quen se beneficie do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

Escola de inglés	30 €/mes
Clases de inglés para persoas adultas	35 €/mes

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 10 días de cada mes do curso realizado.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. A actividade terá unha permanencia mínima de 6 meses, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro.